

PONTE VERÁN 2018



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

xuventude.pontevedra.gal

PONTEVERÁN 2018

FINALIDADE

Ofertar á mocidade de Pontevedra un programa lúdico-educativo de actividades socioculturais para o verán, baseado en valores de convivencia, igualdade, respecto ao ambiente, promoción da actividade física e de coñecemento do patrimonio cultural.

A QUEN VAI DIRIXIDO

Mocidade do municipio de Pontevedra. No caso de non se cubrir as prazas, poderán optar persoas doutros concellos (terán preferencia os concellos limítrofes) e doutras idades a través das correspondentes listaxes de agarda.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Cada actividade ten o seu prazo de SOLICITUDE, consulta a información concreta de cada unha delas. Tras cada solicitude, avisarase ás persoas admitidas para que formalicen a inscrición achegando a documentación necesaria.

COTAS DE INSCRICIÓN

a) Actividades de balde

A maioría das actividades son gratuítas pero na información de cada unha podedes coñecer o custo real que ten a praza á que optades. Pedimos o voso compromiso coa asistencia ou que avisedes canto antes se non podedes asistir, así poderemos chamar a persoas interesadas que se atopen nas listaxes de agarda.

b) Actividades con desconto

As actividades de **“Campamento de tempo libre Equal”** e **“Estadía, natureza e lecer nas beiras do Miño”** subvencionadas da maior parte, contan cunha cota xeral á que se lle aplicarán os seguintes descontos:

- 20% desconto co Carné Xove
- 50% desconto a familias numerosas ou monoparentais
- 50% desconto a partir da 2ª persoa da mesma unidade familiar
- 100% con derivación dos Servizos Sociais municipais

Os descontos son excluíntes entre si

c) Cotas únicas

As actividades de **“Aula de natureza e interpretación”** e **“Cursos de iniciación ao piragüismo en Ponte Sampaio”** subvencionadas da maior parte, contan cunha cota única de 10€ e 12€ respectivamente.

NOTAS IMPORTANTES

No caso da **“Aula de natureza e interpretación”** cada nenx só poderá solicitar 1 das 3 quendas e, se o desexa, manterse en listaxe de agarda para as demais.

Todas as actividades contemplan unha porcentaxe de prazas reservadas para os Servizos Sociais municipais.

INFORMACIÓN E SOLICITUDES

Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra

Horario: de luns a venres de 9:30 a 14h.

Pza da Verdura, s/n, tel. 986 840 367 xuventude@pontevedra.gal

info: xuventude.pontevedra.gal

solicitudes: apuntate.pontevedra.gal



CAMPAMENTOS E ESTADÍAS

- CAMPAMENTO DE TEMPO LIBRE “EQUAL”** (12-14 anos)
- ESTADÍA “NATUREZA E LECER NAS BEIRAS DO MIÑO”** (18-35 anos)
- AULA DE NATUREZA E INTERPRETACIÓN** (8-12 anos)



ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E NO MEDIO NATURAL

- GRANDE XOGO SURVIVAL ZOMBIE “TERRA DE ZOMBIES”** (16-35 anos)
- SAÍDA DE OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA** (+12 anos)
- ROTEIRO CULTURAL POLO RÍO BATÁN** (+12 anos)
- XORNADA DE ORIENTACIÓN DEPORTIVA** (+6 anos)
- CELEBRACIÓN DA NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS** (+6 anos)



ACTIVIDADES FORMATIVAS

- OBRADOIRO DE ROBÓTICA** (8-14 anos)
- OBRADOIRO DE HOLOGRAFÍA E VR** (8-14 anos)
- CURSO DE PROGRAMACIÓN EDUCATIVA** (15-18 anos)
- INFORMÁTICA. NAVEGA, BUSCA, COMPARTE E DESCARGA DE MODO SEGURO** (13-35 anos)
- INFORMÁTICA. PRESENTACIÓN: FOTOS E VÍDEO** (13-35 anos)
- OBRADOIRO DE COCIÑA** (15-35 anos)
- CURSOS DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO** (9-15 anos)
- CURSO DE MEDIADOR/A EN PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS** (16-35 anos)



ACTIVIDADES DO LOCAL DE MÚSICA

- CURSO DE PRODUCCIÓN E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS MUSICAIS** (18-22 xuño)
- OS BOLOS DO LOCAL: “SERÁN DE TRALLA”** (22 xuño)
- OS BOLOS DO LOCAL: “SON DA SEREA”**. A escena musical emerxente de Pontevedra (23 e 24 xullo)
- OS BOLOS DO LOCAL: “A PEREGRINA”**. Grupo teloneiro (11 agosto)



CAMPAMENTOS E ESTADÍAS



CAMPAMENTO DE TEMPO LIBRE “EQUAL”

Campamento de 8 días de duración no Albergue Equal de Coles (Ourense), para un grupo de 25 mozos e mozas de 12 a 14 anos. Xogos, dinámicas, obradoiros, excursións, actividades deportivas, ambientais e etnográficas. O desprazamento á instalación farase en autobús dende Pontevedra.

IDADES: 12-14 anos (por ano de nacemento 2004-2006)

DATAS e LUGAR: 23-30 xullo na localidade de Coles (Ourense)

PRAZAS: 25

COTA DE PARTICIPACIÓN: 100€ (custo real da praza 329€)

SOLICITUDES: do 11 ao 20 de xuño no web apuntate.pontevedra.gal ou presencialmente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra

SORTEO PÚBLICO: 25 de xuño ás 12h. na Casa da Luz. Preferencia a quen non participara o ano anterior. Sortearanse 20 prazas libres.

INSCRICIÓNS: do 27 de xuño ao 10 de xullo. Coas prazas que non se formalice a matrícula, chamarase á correspondente listaxe de agarda.



ESTADÍA, NATUREZA E LECER NAS BEIRAS DO MIÑO

Excursión con saída o 13 de xullo ás 9:30h con aloxamento nun albergue e centro de educación ambiental. Viaxe en autobús para 22 prazas. Achegarémonos ao patrimonio natural, cultural e etnográfico arredor do Miño-Sil e os seus afluentes. Visitaremos o bosque de Ridimoas, unha pioneira e premiada iniciativa no ámbito da custodia ambiental. Adentrarémonos na Ribeira Sacra, visitando viñedos e unha adega. Teremos tempo para practicar hípica, sendeirismo e recuperaremos forzas a remollo en augas termais. Regresaremos a Pontevedra o domingo 15 sobre as 21h.

IDADES: 18-35 anos

DATAS: 13-15 xullo

PRAZAS: 22

COTA DE PARTICIPACIÓN: 50€ (custo real 200€).

SOLICITUDES: a partir do 11 de xuño no web apuntate.pontevedra.gal



AULA DE NATUREZA E INTERPRETACIÓN

Actividades ambientais e lúdicas programadas para levar a cabo nas contornas naturais e monumentais do noso municipio. Nenos e nenas terán a oportunidade de participar de actividades na natureza que aumentarán os seus coñecementos sobre o bosque, o mar, o río e a Historia da cidade. Actividade organizada pola Oficina Municipal de Medio Ambiente Natural.

IDADES: 8-12 anos (nacemento entre 2006-2010)

DATAS: a escoller 1 das 3 quendas: 2-16 xullo, 17-31 xullo ou 1-14 agosto

HORARIO: 9:30-14h.

LUGAR: Pazo da Cultura e outros espazos da cidade

PRAZAS: 20 por quenda

COTA DE PARTICIPACIÓN ÚNICA: 10€

SOLICITUDES: do 11 ao 20 de xuño no web apuntate.pontevedra.gal ou presencialmente na Oficina Municipal de Medio Ambiente, rúa Churruchaos, 2, 1º, tel. 986 100 185 ext.7584/83 medionatural@pontevedra.eu de luns a venres de 9 a 14h.



ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E NO MEDIO NATURAL



GRANDE XOGO SURVIVAL ZOMBIE "TERRA DE ZOMBIES"

Xogo de rol en vivo que busca a diversión en grupo. Primeiramente explicarase o xogo, os obxectivos e as regras e normativas de respecto entre compañeirxs para posteriormente pasar ao atrezo de participantes e comezar o xogo. Ao remate farase a posta en común e un photocall.

IDADES: 16-35 anos

DATAS: martes 31 xullo

HORARIO: 21-24h

LUGAR: Casa da Luz e zona vella da cidade

PRAZAS: 50

COTA DE PARTICIPACIÓN: gratuíta (custo real da praza 20€)

SOLICITUDES: a partir do 16 de xullo no web apuntate.pontevedra.gal



SAÍDA DE OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA

Da man da Agrupación Astronómica Rías Baixas realizaremos orientación, localización de obxectos de interese nesa data como planetas (Venus, Xúpiter, Saturno e Marte), o inicio dos meteoros das Perseidas, as constelacións propias do verán... Unha observación con telescopios e prismáticos no miradoiro de Augasantas (Cotobade) onde nos trasladaremos en autobús.

IDADES: 12-35 anos (menores de idade teñen que ir acompañadx por algunha persoa adulta)

DATA: venres 3 agosto

HORARIO: 22:30-01:30h

PRAZAS: 55

COTA: gratuíta (custo real da praza 14€)

SOLICITUDES: a partir do 16 de xullo no web apuntate.pontevedra.gal



ROTEIRO CULTURAL POLO RÍO BATÁN

Coa Asociación Vaipolorío e o antropólogo Rafa Quintía realizaremos este roteiro que xira ao redor do patrimonio oral (lendas, tradicións e costumes), a arqueoloxía, a etnografía e a natureza da parroquia de Salcedo. Centrarémonos na contorna etnoarqueolóxica do castro das Croas e os muíños do Batán, para o que nos desprazaremos en autobús dende Pontevedra ata o lugar de inicio da actividade.

IDADES: 12-35 anos (menores de idade teñen que ir acompañadx por algunha persoa adulta)

DATA: venres 10 agosto

HORARIO: 20-23h

PRAZAS: 25

COTA: gratuíta (custo real da praza 11€)

SOLICITUDES: a partir do 16 de xullo no web apuntate.pontevedra.gal





XORNADA DE ORIENTACIÓN DEPORTIVA

Actividade impartida polo Club de Montañeiros de Pontevedra-A Roelo e que consiste nunha primeira parte teórica onde daremos os coñecementos básicos do material e seguridade, para logo saír á rúa e poñer en práctica todo o aprendido.

IDADES: a partir de 6 anos (menores de idade teñen que ir acompañadxs por algunha persoa adulta)

DATA: domingo 19 agosto

HORARIO: 9-14h.

LUGAR: Casa da Luz (lugar de saída e chegada) e centro histórico

PRAZAS: 100 máximo

COTA: gratuíta (custo real da praza 9€)

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: a partir do 16 de xullo presencialmente ou telefonicamente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra, pza da Verdura, s/n, tel. 986 840 367 xuventude@pontevedra.gal en horario de luns a venres de 9:30 a 14h.



CELEBRACIÓN DA NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS

Xornada compartida con expertxs especialistas no estudo destes mamíferos. Acompañarémolxs na captura, estudo e explicación das súas características coa intención de dar a coñecer os morcegos e desmitificar falsas lendas que se lle atribúen. escoitarémolos a través de aparatos de ultrasóns. Actividade organizada pola Asociación Vaipolorío en colaboración coa Asociación Drosera para Estudo e Conservación do Medio Natural.

IDADES: + 6 anos (menores de idade teñen que ir acompañadxs por algunha persoa adulta)

DATAS: sábado 25 agosto

HORARIO: 21-23h.

LUGAR: saída diante da estación de autobuses para ir ao tramo rural do sendeiro do Gafos.

PRAZAS: 25

COTA DE PARTICIPACIÓN: gratuíta (custo real da praza 10€)

SOLICITUDES: a partir do 6 de agosto no web apuntate.pontevedra.gal





ACTIVIDADES FORMATIVAS



OBRADOIRO DE ROBÓTICA

Aprenderemos o que son os robots e as partes que os compoñen para logo construílos e programalos mediante a proposta de retos.

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil.

IDADES: 8-14 anos

HORARIO: 9:30-13:30h.

DATAS: 2-6 de xullo

LUGAR: Casa da Luz

PRAZAS: 15

COTA: gratuíta (custo real da praza 54€)

SOLICITUDES: do 11 ao 20 de xuño no web apuntate.pontevedra.gal



OBRADOIRO DE HOLOGRAFÍA E VR

Estudaremos xeitos de preparar información e presentala para que o noso cerebro poida recrear mundos virtuais e obxectos en 3D.

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil, ademais dun móbil ou tablet.

IDADES: 8-14 anos

HORARIO: 9:30-13:30h.

DATAS: 16-20 de xullo

LUGAR: Casa da Luz

PRAZAS: 15

COTA: gratuíta (custo real da praza 54€)

SOLICITUDES: do 11 ao 29 de xuño no web apuntate.pontevedra.gal



CURSO DE PROGRAMACIÓN EDUCATIVA

Forneceremos as habilidades de descomposición de problemas complexos empregando o Pensamento Computacional.

REQUISITO: cada participante deberá traer un ordenador portátil.

IDADES: 15-18 anos

HORARIO: 9:30-13:30h.

DATAS: 23-30 de xullo

LUGAR: Casa da Luz

PRAZAS: 15

COTA: gratuíta (custo real da praza 54€)

SOLICITUDES: a partir do 2 de xullo no web apuntate.pontevedra.gal



INFORMÁTICA. NAVEGA, BUSCA, COMPARTE E DESCARGA DE MODO SEGURO

Navega pola rede, busca información, comparte contidos, descarga, relaciónate virtualmente... Entra na Rede de maneira segura.

IDADES: 13-35 anos

HORARIO: 12-13:30h.

DATAS: martes, mércores e xoves do 3 xullo ao 2 agosto

LUGAR: aula municipal de informática da Casa Azul

PRAZAS: 18

COTA: gratuíta

SOLICITUDES: a partir do 11 de xuño no web apuntate.pontevedra.gal



INFORMÁTICA. PRESENTACIÓNS: FOTOSE VÍDEO

Crea unha presentación e insértarlle música. Compón os teus álbums de fotos, organizaas e corríxeas. Experimenta coa creación de vídeos.

IDADES: 13-35 anos

HORARIO: 12-13:30h.

DATAS: martes, mércores e xoves do 7 ao 30 agosto

LUGAR: aula municipal de informática da Casa Azul

PRAZAS: 18

COTA: gratuíta

SOLICITUDES: a partir do 16 de xullo no web apuntate.pontevedra.gal



OBRADORIO DE COCIÑA

Consta de 4 de sesións monográficas onde aprenderedes diferentes e variadas receitas. A primeira sesión adicarémola a confeccionar un menú salgado coa elaboración dun pionono, un quiché e diferentes salsas e entremeses. Na terceira confeccionaremos unha mesa doce con galletas decoradas, minicupcakes decorados, rolos de canela ou cacao e pedras de chocolate. Na segunda e cuarta sesión aprenderemos a elaborar diferentes bebidas e combinados como cócteis sen alcohol, batidos, smoothies e frappés.

IDADES: 15-35 anos

DATAS: 19,20, 26 e 27 xullo

HORARIO: 10-13h.

LUGAR: Casa Azul

PRAZAS: 15

COTA DE PARTICIPACIÓN: gratuíta (custo real da praza 50€).

SOLICITUDES: a partir do 2 de xullo no web apuntate.pontevedra.gal



CURSOS DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

Cursos impartidos polo Club Río Verdugo de Piragüismo, cos que se pretende que nenxs e mozs coñezan unha actividade deportiva e recreativa coa que poder ocupar o seu tempo de lecer. O programa de cada curso inclúe actividades de preparación física, exercicios de técnica elemental, xogos, natación, nocións teóricas e coñecemento das medidas de seguridade.

IDADES: 9-15 anos

REQUISITO: saber nadar

DATAS: de luns a venres (incluído festivos)

1º) 23 xullo – 3 agosto

2º) 6-17 agosto

3º) 20-31 agosto

HORARIO: 12-13:30h.

PRAZAS: 12 por curso

COTA DE PARTICIPACIÓN ÚNICA: 12€ (custo real da praza 60 €)

LUGAR: praia da Xunqueira en Ponte Sampaio.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: a partir do 18 de xuño directamente no Club de Piragüismo Río Verdugo - Praia da Xunqueira s/n – Ponte Sampaio (Pontevedra). Tel. 669 455 451



CURSO DE MEDIADOR/A EN PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADITIVAS

Formar a mediadorxs xuvenís en prevención de condutas aditivas para que actúen transmitindo información, actitudes e valores preventivos dentro do seu grupo de iguais, nun medio de aprendizaxe non formal.

IDADES: 16-35 anos

DATAS: 4-6 xullo (fase teórica)

HORARIO: 10-13:00h.

DURACIÓN: 15 horas teóricas e 5 horas prácticas a través dun proxecto. Total horas certificadas: 20 horas.

LUGAR: Casa Azul

PRAZAS: 20

COTA: gratuíta

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: Plan Municipal de Condutas Aditivas. Casa Azul, r/ Sor Lucía, 2, 2º, tel. 986 804 300 ext. 7452

pgonzalez@pontevedra.eu (ata o 30 de xuño por rigorosa orde de chegada)



ACTIVIDADES DO LOCAL DE MÚSICA

Consulta toda a programación propia do Local de Música para este verán na nosa web localdemusicapontevedra.nos.gl/



CURSO DE PRODUCCIÓN E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS MUSICAIS

Este curso ten como obxectivo amosar todos os aspectos relevantes a ter en conta á hora de producir espectáculos musicais. Presencial con clases teóricas e prácticas. Realizarase un traballo final. Na fase teórica exporanse os contidos e revisaranse casos reais; a fase práctica consistirá na análise da produción de varios eventos que se realizarán en Pontevedra no verán e no deseño dun traballo final de execución dun evento musical vinculado ao Local de Música.

IDADES: maiores de 18

DATAS: do 18 ao 22 de xuño

HORARIO: 9-14h

LUGAR: Local de Música

COTA PARTICIPACIÓN: gratuíto (custo real 225€)

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: localdemusicapontevedra.nos.gl/



OS BOLOS DO LOCAL: “SERÁN DE TRALLA”

As bandas do Local de Música que están empezando e despois dunha fase de asesoramento personalizada, terán como remate dun proceso formativo esta actuación final aberta ao público.

DATA: 22 xuño

LUGAR: Local de Música

HORARIO: a partir das 19h.



OS BOLOS DO LOCAL: “SON DA SEREA”

Actuación de bandas e solistas da emerxente escena musical de Pontevedra.

DATAS: 23 e 24 xullo

LUGAR: praza do Teucro

HORARIO: a partir das 20h



OS BOLOS DO LOCAL: “A PEREGRINA”

Actuación de grupo teloneiro procedente da escena musical emerxente de Pontevedra na Festa da Peregrina

DATA: 11 de agosto

LUGAR: escenario das Festas da Peregrina (pza do Concello)



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

INFORMACIÓN E SOLICITUDES

OFICINA MUNICIPAL DE XUVENTUDE DE PONTEVEDRA

HORARIO: DE LUNS A VENRES DE 9:30 A 14H.

PZA DA VERDURA, S/N

TEL. 986 840 367

XUVENTUDE@PONTEVEDRA.GAL

INFO: XUVENTUDE.PONTEVEDRA.GAL

SOLICITUDES: APUNTATE.PONTEVEDRA.GAL